

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº82/ Ano: 2024 / 2º xornal Mes de febreiro/ Estado de resaca do Entroido

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



O día 21 de marzo é o Día da Árbore. A Parques ou ao Concello de Bueu, ocorreráselle organizar cos colexios unha plantación de árbores en Ons? Páx. 1



Non sería mala idea que os veciños e concello, polas Festas deste 2024, homenaxeen aos Fareiros de Ons, xunto co colectivo de aunienses que non están entre nós, pero que fixeron posibles as Festas de antano. Páx. 1




National Geographic, enmarca á praia “nudista” de Melide en Ons, entre as 14 mellores praias de Galicia. Hoxe, Melide é nudista? Páx. 2

O que pronto volverá a ocupar o cargo de Presidente da Xunta, debería comunicarlle aos responsables do Parque que, a Música é cultura. Páx. 2



Os aunienses foron agricultores e despois mariñeiros. As terras son produtivas. Por que non se lles facilitan as cousas para traballalas como fixeron os seus antepasados? Páx. 3



É necesario no Parque un técnico-dinamizador que sexa capaz de organizar actividades que provoquen unha atracción turística vinculada ao que se entende por un Parque Nacional.

Aquí fago unha comparación entre bos dinamizadores en Centros de Interpretación de O Grove e o que debería pasar en Ons. Páx. 4



Noticias de prensa que provocan escepticismo. Páx. 5

Páx. 5

DÍA DA ÁRBORE 2024

O día 21 de marzo celebrárase o Día da Árbore. Que pena!!! Non hai un **Técnico Cultural e Dinamizador** no Parque Nacional que, con tempo, xa teña programado, entre outros, co Concello de Bueu, Centro de Investigación Forestal de Lourizán, Deputación de Pontevedra, Consellería de Educación e Cultura, D. Xeral de Xuventude,..., para que os colexios do municipio, organicen ese día, unha plantación de árbores autóctonas na Illa de Ons que substitúan ás que, segundo din, son prexudiciais (eucaliptos e acaias)?

Que interesante idea sería pero, nin de Parques nin do Concello, por máis que diga que non ten competencias, se lles ocorren actividades como estas que redundarían moito sobre o Parque e o municipio. Por que será...?

Pois ben, coido que, un ano máis, pasaremos sen ter unha oportunidade tan interesante como esta. A ver se algún día, por fin !!! alguén é capaz de ser quen de xestionar mellor este interesantísimo Parque Nacional e, xunto ao Director e Guías, haxa un bo **Dinamizador – Técnico Cultural** capaz de organizar actividades que convertan a este magnífico Parque Nacional nun lugar ACTIVO.

Fotos: Houbo anos en Ons onde se fixeron as cousas ben. Aquí vemos unha magnífica plantación de castiñeiros en Caño (arriba) e carballos en Melide (abaixo). Por que agora non?



HOMENAXE AOS VECIÑOS QUE FIXERON POSIBLE AS FESTAS DE SAN XAQUÍN E A AQUELES QUE, NON SENDO DA ILLA, PUXERON O SEU GRAN DE AREA POR ESTA COMUNIDADE.



IDEAS HOMENAXE 2024

A idea de homenaxear aos aunienses que fixeron posible que en Ons as Festas de San Xaquín foran un punto de encontro, non só para eles, senón para os veciños das costas próximas, é algo moi importante e de agradecer á Asociación Veciñal e ao Concello de Bueu.

Coido que para anos posteriores, sería unha boa idea facer unha **homenaxe conxunta** a todos aqueles aunienses que xa non están entre nós, pero que foron claves para estas Festas.

Á vez seguir con aqueles que nos últimos anos formaron parte das diferentes comisións de Festas.

Interesante homenaxear aos que, non sendo veciños, si participaron moi activamente, tanto nas festas como no estudo e investigación sobre a cultura desta Comunidade.

E, eu propoñería para este próximo ano, unha homenaxe aos **Fareiros**, pola súa inestimable axuda, non só á navegación, senón a todo tipo de actividade na Illa, pois fixeron de: Médicos, practicantes, electricistas, mestres,... Meréceno!!!

E xa por último non esquecerse dos mestres, sacerdotes, ..., que ao longo dos anos traballaron en Ons.

Arriba esquerda 2018: Cesáreo e Arturo Dios. Arriba dereita 2019: Aurita e Manolo de Pancho.

Medio esquerda 2021: Cantareiras de Ons. Medio dereita 2022: Veciños e Valedores.

Abaixo esquerda 2023: Traballadores de Parques. Abaixo dereita 2023: Xosé Dopazo (Investigador).



ONS NA MEMORIA

Juan Reiriz e Emilio Patiño, dous aunienses claves na programación das Festas de San Xaquín de Ons



PRESIDENTE MUSICAL

Durante os días da Campaña Electoral vimos ao Sr. Rueda en varias actuacións musicais, dende tocando a batería, facendo soar unha guitarra e aquí de DJ. Comprobamos que lle gusta a música e promociónaa con estas intervencións, sen embargo, se falamos da Illa de Ons, verificamos que á súa Conselleira de M. Ambiente e á Directora Xeral de Patrimonio Natural, para nada lles gusta esa importante actividade cultural, e continuamente a prohiben na Illa, sen tan sequera un mínimo diálogo para pódela desenvolver sen prexudicar para nada ao Parque Nacional.

Con horarios, espazos, volume adecuado,..., pódese desenvolver este labor cultural no Parque, como unha actividade máis.

A MUSICA é CULTURA

AS 14 MELLORES PRAIAS DE GALICIA. *MELIDE-ONS*

Nesta entrada <https://www.eldebate.com/espana/galicia/20240212/estas-son-mejores-playas-galicia-segun-national-geographic-165422.html> podemos saber, segundo National Geographic, cales son as catorce mellores praias da nosa comunidade.

Entre elas está, co nº 5 a praia de Rodas, nas Illas Cíes. E no nº 10 a de **Melide**, na Illa de Ons.

Da de Melide argumentan: *“El archipiélago de Ons tiene cinco playas prácticamente vírgenes y una de estas es la de Melide, en la parte norte. Esta playa, además de ser preciosa, es la más grande y es famosa en Galicia por ser una playa nudista. Para llegar a la playa se tiene que tomar un barco y caminar desde el muelle. Tiene fantásticas vistas de la ría de Pontevedra.”*

É de agradecer que, polo menos, nomeen a unha do arquipélago do Ons pero, para ser unha entrada de febreiro de 2024, vemos que non están moi ao loro, como vulgarmente dise, sobre esta magnífica praia.

Melide (Ons) foi unha das primeiras praias nudistas de Galicia pero, nestes intres, habería case que quitarlle esa catalogación, pois, os que de sempre, agás algúns loables casos, practicaban o nudismo, abandonárona, e o téxtil fíxose forte, quedando relegada a práctica naturista a só un pequeno espazo-gueto na parte norte da praia.

Desde este minixornal témolo sinalado en numerosas ocasións. Ata hai ben pouco, en clave de humor, comentabamos a aparición da “virxe” a un nudista de pro, Varu Camawei, onde lle anunciaba que el era o elixido para comandar a volta ao nudismo desa praia, pedíndolle que solicitara á administración xestora, a declaración para este 2024 como: *<Ano Xubilar Nudista Camawaiano>*. Esperemos que o poder de convocatoria deste ilustre Camawuaiano, faga efecto e o nudismo en Melide volva ser o que foi, do contrario, sería unha verdadeira perda para o verdadeiro sentir dos naturista-nudistas ao perder unha das máis emblemáticas e das primeiras Praias Nudistas de Galicia, e considerada a máis importante desta comunidade e case de España.





Ventura Pérez Mariño e a Illa de Ons

A principios dos anos 90 s.XX, a asociación de veciños “Illa de Ons”, acude a Pérez Mariño buscando unha solución ao tema do Estudo Xurídico que viñan solicitando á administración para coñecer a súa verdadeira situación xurídica.

Segundo parece, interesouse moito polo tema, solicitoulles toda a documentación que se puidera aportar e preocupouse pola situación dos veciños desta Illa.

Despois dun tempo de traballo, deu algunha solución interesante e ideas de por onde se podería ir. Pero eran tempos difíciles para os aunienses, moitos aínda estaban loitando para poder arranxar as súas vivendas illáns e, as posibles solucións, traerían un desembolso económico individual que moitos veciños, nun principio, non estaban dispostos ou non podían asumir.

Posteriormente Ventura Pérez Mariño entrou na política e todo quedou paralizado.

Dende aquí, o agradecemento a este xurista que, no seu momento, se preocupou pola situación xurídica dos veciños de Ons. DEP

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un lector, con quen comparto moitas veces longas charlas, despois de lido o tema da Axuda á Agricultura en Ons onde solicitaba á administración un tractor para axuda aos veciños agricultores, ou que quixeran traballar as terras aunienses, comentoume:

“Amigo Tino, a idea que propós é relevante, pero penso que os mozos insulares non van a estar moito polo labor. O traballo agrícola non é rendible e, para sacar unhas poucas patacas para autoconsumo, prefiren ir ao súper a mercaldas e non estar co legón enriba.

De todos os xeitos, a idea é boa e quizais, como vemos que pasou, haberá algunha familia insular que queira traballar as terras e pasar alí tempadas máis longas, agora que certos servizos como a luz, a auga e o saneamento, están algo mellor que hai 30 anos.

Dende logo, un pequeno tractor non é tan caro e pode ser un revulsivo para animarse a traballar algunha das terras que hoxe están a monte pero que no seu día foron moi produtivas.

Aquí che deixo esta foto dun pequeno tractor que un veciño meu mercou hai pouco de segunda man. O tractor e un arado, rastra e ata un picador de troncos para facer achas, saíulle sobre uns 7.000 euros. Penso que asumibles polo Parque sen problema.”



Prezado amigo, moitas grazas polas túas letras. O tema da agricultura en Ons que propoño, non o miro como unha dedicación económica, senón, como está a pasar con varias familias aunienses, para autoconsumo, e á vez que lles sirva de distracción e actividade para veciños xubilados ou que, polos motivos que sexa, queren vivir longas tempadas na illa.

Os veciños aunienses, na súa maioría, viven do mar e algúns dedicados á pesca de altura. A xubilación soe ser temperá e, en moitos casos a paga que lles queda é escasa; se a iso sumamos que poidan ter unha atracción por vivir na terra que os veu nacer (Ons), e se lle engadimos que hai unha administración competente que lles pon os servizos adecuados, entre eles un tractor como o que nos facilita na foto, estou seguro que moitas familias aunienses virían a pasar longas tempadas ás súas casas de Ons e dedicarían o seu tempo de lecer, entre outras cousas, a traballos agrícolas e de pequena gandería que á súa vez favorecería ecoloxicamente os terreos da illa.

Pero a Consellería de M. Ambiente, xestora das illas do Parque Nacional, non está polo labor. Queren illas sen problemas, como Sálvora ou Cortegada, onde non hai poboación e o turismo é mínimo, illas onde poder desenvolver actividades medioambientais sen que ninguén os moleste, nin critique, e que despois redundarán no currículo político para ganar votos nas diferentes eleccións. Os veciños dan moitos problemas e obrigan a realizar promesas electorais que despois non son capaces de cumprir por desinterese, indiferenza e, sobre todo, por incompetencia, e iso pode complicar os resultados electorais.

Ese é o motivo, non o custo económico da merca dun tractor e o mínimo traballo que significaría poñelo ao servizo dos aunienses para sementeira e recolleita, repito, como xa teño explicado, pagando os veciños os custos de funcionamento.

A Galicia baleirada é froito da falla de aptitude dos nosos políticos e o caso de Ons é claro, cando os veciños necesitaban un porto de abrigo para a nova flota pesqueira que estaba a xurdir nos 60 s.XX, trouxeron o Plan Badaxoz á Illa (Centro Cívico) que durmiu un soño letárxico de inutilidade ata que, como fai sempre, a administración decidiu ocupar esas instalacións para uso propio.

Xa o dixen moitas veces e quero volver a repetilo:

A única especie en perigo de extinción na Illa de Ons, son os seus veciños, os aunienses.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS: DE ONS AO GROVE

Uns anos despois de que se puxera en funcionamento o Centro de Visitantes de Ons, comecei solicitando un Técnico Cultural que sexa quen de dinamizar ese Centro e, á vez, buscar alternativas culturais para o Parque Nacional que vaian na dirección de converter ás illas que o compoñen, nun Espazo ACTIVO, que provoque unha necesidade de acudir a el para a realización de actividades, tarefas, traballos, investigacións,...

Loxicamente, ese dinamizador despois de programar e organizar o traballo, deberá presentarllo e planificalo cos Guías oficiais e coas persoas, organismos, asociacións,...., que vaian realizalas, e todo iso coordinado co Director do Parque.

Ter un bo dinamizador, con ideas e ganas de traballar, é importantísimo para unha boa singradura do Parque Nacional. Temos dous exemplos claros en O Grove: O Museo do Mar e a Salga e o Quinteiro de Temperán, que saíron arriba, e son un importante referente do bo facer cultural, grazas ao labor dos seus dinamizadores Xosé Escalante (Peliso) polo Museo do Mar e Salga e Roberto polo Quinteiro de Temperán.

Imos ver neste pequeno Salgadoiro, ao Quinteiro de Temperán. Así describemo na páxina da Mancomunidade do Salnés: “*Centro de Interpretación da Cultura Agraria: O Quinteiro de Temperán é unha antiga casa do s. XVIII, restaurada e adaptada a usos etnográficos, culturais, didácticos e turísticos. Nela é posible acceder ao coñecemento da cultura tradicional do mundo rural de Galicia. É un Centro de interpretación da cultura tradicional do campo galego, tanto na súa dimensión física: a casa como edificio, coas súas partes interiores e exteriores, como na súa actual transformación nun espazo de aprendizaxe, pedagóxico, museístico, arredor da etnografía agraria de Galicia*”.

Os seus dinamizadores, coa axuda doutras persoas, son quen, a carón de ser un Museo moi visitado por escolares, terceira idade,...., e turistas en xeral, de organizar actividades como: A recreación da matanza do porco. Festa da malla. Sementeira do centeo. Poxa do peixe. O San Xoán,...., organizar charlas e conferencias como: Entorno a figura do pintor Xosé Corbal, Estudo e coñecemento dos nomes de lugares de San Vicente,.... E un bo número de actividades máis, e todas elas contando cunha importante asistencia.

Fotos cedidas por Juan Castiñeiras



CATA DE VIÑOS

Juan Castiñeiras, o noso micólogo de cabeceira, gran cociñeiro,...., e aprendiz de enólogo, que coñecemos en Ons hai máis de 30 anos, foi invitado o día 24 de febreiro a unha **Cata de Viños** que se celebrou no **Quinteiro de Temperán**, dentro da súa programación anual de actividades. Así nos explica, moi brevemente, Juan Castiñeiras esa actividade:

É unha idea do Quinteiro. Queren facer esta actividade todos os anos, recuperando o costume antigo de ir ás adegas dos amigos e ir probándolle os viños.

Neste caso, foron os colleiteiros os que trouxeron os caldos (brancos e tintos) das súas casas para facer unha Cata entre eles. Os que traen branco proban os tintos e viceversa, en copas de cristal, con viños sen identificación. Non hai gañadores. Simplemente participas e levas un diploma de asistencia. Son colleiteiros particulares e artesáns, non adegas establecidas.

Nun principio, este ano, trouxeron viños da comarca grovense e arredores, aínda que, tamén se aceptaron viños artesáns doutras zonas (Poio, Soutomaior, A Canicouva), como veciños convidados. Houbo 10 brancos de calquera caste de viño e 10 tintos igual.

Cumpríuse o quórum que se esperaba e coído que pensan facer outra alá polo verán, para ver como evolucionaron os viños catados. Xa agardan repetir a experiencia para o ano, xa que a acollida desta edición foi senlleira.

O xurado é mixto, homes e mulleres, e despois da cata, houbo un xantar con carne ao caldeiro, empanada de cogomelos dos montes do Grove, sobremesa tradicional e foliada galega de músicos e cantareiras da zona.

Comprobamos como con estas actividades se crea un ambiente cultural moi didáctico e, á vez, festivo que atrae a un público moi comprometido e disposto a participar.

Iso é o que se debería buscar nas actividades nos Centros de Interpretación e Visitantes do Parque Nacional, programando as actuacións a realizar con tempo e así permitir que as persoas con interese planeen as súas viaxes e estancias, vinculándoas segundo a programación organizada.

Fotos cedidas por Juan Castiñeiras. Facebook Quinteiro de Temperán.



NOTICIAS EN PRENSA SOBRE DIVERSOS TEMAS DE ONS

Sempre me fixo moita gracia unha frase que dicía un bo amigo cando alguén contaba algo que non era certo: “*Esa mentira. non é verdade*”. Pois con respecto a noticias que saen na prensa sobre Ons e que teñen que ver coa administración, quixera aplicala, agás que alguén sexa quen de demostrar o contrario.

NOTICIA DO FARO DE VIGO (Morrazo) DE DATA 19/01/2023 CON RESPECTO A UN NOVO CONTRATO QUE FIXERA A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE SOBRE O LIXO

“La empresa cántabra *Ascán Servicios Urbanos (ASU)* se encargará del servicio de recogida de basura en la isla de Ons durante 2023 y 2024. La adjudicataria compromete mejoras relativas a la limpieza viaria por encima de lo que exigía el pliego de condiciones técnicas: una limpieza anual, previa a la Semana Santa, en los caminos que figuran en los 12 kilómetros de recorrido que llevan a las 117 edificaciones de la isla de Ons; otra limpieza viaria anual en estos mismos caminos, pero esta vez previa a la temporada de verano; y a lo largo del verano se compromete a realizar hasta siete limpiezas en esos mismos caminos. Dentro de las mejoras se incluye la puesta en marcha de dos campañas de sensibilización ambiental para fomentar la separación selectiva de residuos y en la gestión, que serán previas a la temporada de verano. Estas acciones deberán incluir una charla divulgativa en el centro de visitantes de la isla de Ons, dirigida a vecinos y hosteleros, para intentar concienciar sobre la importancia de la separación de residuos en origen....”

Eu, que pasei todo o mes de xullo na Illa e despois de preguntar aos veciños se se realizara, antes de xullo, todo o que estaba comprometido pola empresa adjudicataria, e si se fixeran esas limpeza, se houbera campañas de sensibilización para fomentar a reciclaxe, se houbo charlas aos hosteleros,... Coido que poden supoñer a resposta: **Na de Na**. Deixémolo aí por se, verdadeiramente ocorreu e os veciños e mesmo eu, non nos decatamos.



Será este vehículo o que se encargue do tema do lixo durante este ano 2024?

NOTICIA DE FARO DE VIGO, (Vigo 25/02/2024) SOBRE ELIMINACIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS EN CÍES, e no resto da illas do Parque Nacional das Illas Atlánticas

“La Xunta destinará un total de 129.893,50 euros a la eliminación de especies exóticas invasoras en el Parque Nacional de Illas Atlánticas de Galicia, es decir, en Ons, Sálvora y las islas Cíes. El contrato para la ejecución de estos trabajos, que acaban de adjudicarse y se desarrollarán durante los próximos 33 meses, es decir, casi tres años, se enmarca en el llamado LIFE Insular, un proyecto transnacional cofinanciado con fondos europeos en el que participan España e Irlanda y que busca conseguir la restauración integrada de hábitats insulares del Atlántico”.

A eliminación de certas plantas invasoras das Illas Atlánticas, é o conto de nunca acabar. Polo menos en Ons dende, coido, 2010, lévano facendo e ao ano seguinte, nas mesmas zonas que traballaron o pasado, volven a crecer de novo ou quizais máis ampliado.

Sería interesante coñecer a que empresa lle deron semellante traballo en anos anteriores e ver se lle esixiron responsabilidades por non facer ben o seu traballo.

Tamén deberíamos coñecer que técnicos son os que revisan que ese cometido se faga como debería. Quen son os encargados de avalialo e informar sobre resultados e, sobre todo, se ven que non funciona, buscar outro tipo de método para o ano seguinte, ou cambiar de empresa.

Comentaba un lector, cando toquei este tema en pasados Onstopus, que daba a impresión que a Consellería o único que realiza ben e a petición de subvencións para erradicar, pero despois o traballo non se realiza como debería e, ao ano seguinte, volta a pedir subvencións para seguir erradicando.

O que si realizaron ben en Ons é a eliminación de arborado. Vale, son especies que había que erradicar, como o eucalipto e a acacia, e seguro que tamén recibiron algunha subvención para facelo. Sen embargo non andan nada finos na Consellería para solicitar subvencións co fin de plantar novo arborado autóctono. Esperemos que cos 6 millóns de euros prometidos por Rueda hai 2 anos, algo lle toque a reforestación.